

**BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E  
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Curso 2021-2022

---




# CONCEPTO

Concesión de **bolsas de comedor, material escolar e actividades extraescolares** para unidades de convivencia do Concello de Santiago de Compostela, que teñan menores de idade ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos, de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria, e que estean matriculados ou teñan reserva de praza para o curso 2021/2022.



# MODALIDADES



# CONTÍAS

## Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos:


- **Bolsas para sufragar gastos de comedor:** 90 €/ mes (10 meses, setembro 2021 a xuño 2022), agás importes inferiores.
- **Bolsas para a realización de actividades extraescolares:** ata 15 €/mes (para o caso de actividades de 1 hora ou día á semana), e ata 30 €/mes para o caso de 2 horas ou días á semana ou máis, salvo que o importe sexa inferior a ditas contías.
- **Bolsas para a adquisición de material escolar:** máximo de 60 € (pago único), dependendo do gasto realizado.

## Bolsas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

- **Bolsas para sufragar gastos de comedor:** Concederanse ata 100 bolsas, por importe de 45,00 €/mes, (10 meses, setembro 2021 a xuño 2022).


# ANÁLISE COMPARATIVO

## ANÁLISE COMPARATIVO ENTRE O NÚMERO DE EXPEDIENTES DOS OITO ÚLTIMOS CURSOS



# ANÁLISE COMPARATIVO

## ANÁLISE COMPARATIVO ORZAMENTARIO DOS OITO ÚLTIMOS CURSOS



# ANÁLISE DA CONVOCATORIA 2021-2022



## ESCASEZA DE RECURSOS

Na modalidade de escaseza de recursos, houbo un total de **551 expedientes (584 expedientes no curso anterior)**. En cada un deles, as persoas poden formular unha ou varias solicitudes (comedor, actividades e/ou material, por cada fillo/-a escolarizado en Infantil ou en Primaria). Polo tanto, o número de solicitudes é considerablemente superior ao de expedientes. Os datos exactos desta xestión son os seguintes:

- a).- *Comedor escolar*: **693 persoas menores demandan bolsa de comedor por escaseza de recursos.**
- b).- *Actividades extraescolares*: **574 persoas menores demandan bolsa de actividades extraescolares por escaseza de recursos.**
- c).- *Material escolar*: **273 persoas menores demandan bolsa de material escolar por escaseza de recursos.**

## CONCILIACIÓN

Na modalidade de conciliación, houbo un total de **188 expedientes (173 expedientes no curso anterior)**. Ao igual que ocorría no caso anterior, as persoas poden formular unha ou varias solicitudes (comedor escolar por cada filla/-o escolarizado en Infantil ou en Primaria). Os datos exactos desta xestión son os seguintes:

- a).- *Comedor escolar*: **245 persoas menores demandan bolsa de comedor por conciliación.**

# Bolsas municipais



CONCELLO DE  
SANTIAGO

En definitiva, computando ámbalas dúas modalidades, houbo un total de 739 expedientes (757 na anterior convocatoria), que equivale a 1.310 demandas de bolsas de comedor, actividades e material escolar.



# ANÁLISE DA CONVOCATORIA 2021-2022



## Modalidade: ESCASEZA DE RECURSOS

Escaseza de recursos	BOLSAS CONCEDIDAS	BOLSAS DENEGADAS	EN LISTA DE AGARDA
Comedor escolar	557 ( 563 no curso anterior)	136 (129)	0
Actividades extraescolares	396	178	0
Material escolar	141	132	0

Lembrar que os concellos teñen competencias en situacións de risco social que afectan a menores de idade, polo que se presta especial atención a todos aqueles casos que presentan factores de elevada vulnerabilidade e/ou desprotección, coa finalidade de contribuir a que os menores teñan cubertas as súas necesidades básicas.

Ningunha familia que presentara toda a documentación que se atopa nesa situación figura en lista de agarda.

## Modalidade: CONCILIACIÓN

Conciliación	BOLSAS CONCEDIDAS	BOLSAS DENEGADAS	BOLSAS EN LISTA DE AGARDA
Comedor escolar	100	119	26

# A modo de conclusión...



## NO EIDO ECONÓMICO:

- Incremento do orzamento para este programa.



## NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA:

- Novidade de este ano a presentación das solicitudes por sede electrónica.
- Simplificación de trámites e xestións para as persoas solicitantes.
- Simplificación na metodoloxía de xustificación por parte das entidades colaboradoras.
- Diminución nos tempos de resolución do expedientes de bolsas municipais (en anos anteriores a resolución era no mes de novembro e o ano anterior a finais de outubro. Neste curso escolar, adiántase case un mes e medio).



## ... ACORDO DE COORGANIZACIÓN ENTRE O CONCELLO E A FEDERACIÓN DE ANPAS DE SANTIAGO:

Vixencia ata xuño do ano 2022.

Obxectivo: Establecer as condicións de co organización na xestión e tramitación das becas para actividades extraescolares nos 13 centros de Ensino Públicos de Santiago (Pio XII, Lopez Ferreiro, Raiña Fabiola, Vite, Monte dos Postes, Apóstolo Santiago, As Fontiñas, Ramón Cabanillas, Lamas de Abade, Cardeal Quiroga Palacios, Mestre Rodriguez Xixirei, Arquitecto Casas Novoa e Roxos).

# BOLSAS MUNICIPAIS

COMEDOR ESCOLAR,  
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E  
MATERIALES ESCOLARES



## CONCELLO DE SANTIAGO

SERVIZOS SOCIAIS